

2º EXERCICIO: PARTE ESPECIFICA

INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. Esta proba consiste nun cuestionario eliminatorio de supostos prácticos da parte específica do programa, de 100 preguntas tipo test con 10 de reserva (as 10 últimas, da E101 á E110), que deberán ser contestadas entre os números **E1** e **E110**, no corpo principal da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web:www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.
Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

EXAME EN GALEGO

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Na estatística descritiva, cal é unha medida de variabilidade?

- A) Desviación estándar.
- B) Media.
- C) Mediana.
- D) Moda.

2. O illamento e o uso de máscara son medidas preventivas que actúan sobre?:

- A) A fonte.
- B) O hóspede susceptible.
- C) O mecanismo de transmisión.
- D) A recuperación do paciente.

3. En relación coas medidas de illamento, sinale o enunciado correcto:

- A) No herpes zóster diseminado en paciente inmunocomprometido son suficientes as medidas de illamento de contacto.
- B) As medidas de illamento aéreo aplicaranse en pacientes que se sospeite ou confirme que teñen enfermidades transmisibles a través de aerosois (partículas menores de 5 micras)
- C) En pacientes sometidos a illamento de contacto, a vaixela e lenzaría debe de ser procesada separada do resto, cun procesamento diferente.
- D) A e C son correctas.

4. En relación á vacinación fronte a difteria e tétanos no adulto, é certo que:

- A) Persoas con calendario vacunal completo (polo menos 5 doses na infancia ou adolescencia) recibirán unha dose de recordo ao redor dos 45 anos.
- B) É suficiente con ter recibido 5 doses en toda a vida.
- C) As persoas vacinadas correctamente na infancia recibirán unha dose cada 10 anos ata os 35 anos.
- D) Persoas con calendario vacinal completo (polo menos 5 doses na infancia ou adolescencia) recibirán unha dose de recordo ao redor dos 65 anos.

5. Segundo o documento "As recomendacións para a Bioseguridade, Limpeza e Hixiene ambiental" do PRAN (Plan Nacional de Resistencia a Antibióticos), ¿en cal das seguintes situacións é necesario realizar mostraxe ambiental?

- A) En toda sala ou área de hospital con humidade en teitos ou paredes.
- B) En quirófano, tras cambio de filtro de alta eficacia (90%).
- C) En quirófano, tras intervención de paciente con ventilación mecánica por asperxilose invasiva.
- D) Ningunha das anteriores.

6. Con respecto ás infeccións do tracto urinario a resposta acertada é:

- A) Poden ser endóxenas ou exóxenas.
- B) A infección endóxena xeralmente procede do intestino.
- C) A infección exóxena pode procedes das mans do persoal.
- D) Todas as anteriores son correctas.

7. Con respecto ás bundles (conxunto de intervencións de eficacia probada para a prevención e control da infección hospitalaria) e a bacteriemia/fungemia asociada a catéter vascular, cal é falsa?

- A) Hixiene de mans con lavado, soamente.
- B) Selección de localización adecuada do catéter.
- C) Antisepsia da pel do enfermo seleccionada para a inserción con clorhexidina.
- D) Valoración diaria do punto de inserción.

8. Proxecto Resistencia Zero, é certo:

- A) Bacterias multirresistentes (BMR) defínense como aqueles microorganismos resistentes a 3 ou máis grupos de antibióticos habitualmente empregados contra eles, sempre que esta resistencia teña relevancia clínica e epidemiolóxica, salvo algunhas excepcións.
- B) Dentro das BMR nonitorizadas atópanse: SARM, Pseudomonas aeruginosa resistente a 3 ou máis grupos antimicrobianos, acinetobacter baumannii resistente á cefalosporinas.
- C) Un dos obxectivos é reducir un 15 % a taxa dos pacientes nos que se identifica unha ou máis BMR de orixe nosocomial intraUCI.
- D) Recoméndase a procura activa da presenza de BMR só en pacientes de alto risco no momento do ingreso na Unidade.

9. Supoñendo que os niveis de cortisol en sangue seguen unha distribución normal, ¿cal é a proba estatística máis adecuada para comparar a media de cortisol nos atletas antes e despois dunha maratón?

- A) Proba exacta de Fisher.
- B) Proba U de Mann-Whitney.
- C) Proba t de Student para datos apareados.
- D) Análise da varianza (ANOVA).

10. O medio ambiente, por medio de que compoñentes pode influír sobre os elos da cadea epidemiolóxica?

- A) Físicos.
- B) Biolóxicos.
- C) Sociais e económicos.
- D) Todas as anteriores son certas.

11. Despois dun resultado positivo nun indicador biolóxico dun ciclo de autoclave por vapor, con control físico correcto e químico non correcto, no que existía material de prótese na devandita carga, sinala a resposta CORRECTA:

- A) O resultado do proceso de esterilización será considerado incorrecto. O material deberá ser esterilizado de novo.
- B) Só se debe volver a esterilizar o material de prótese.
- C) Deberase avisar a mantemento para revisión do equipo só no caso de que volva detectarse un resultado positivo nun indicador biolóxico.
- D) Dado que os parámetros físicos foron normais, non se terá en conta o devandito resultado.

12. Segundo as Recomendacións de vacinación fronte ao herpes zóster do Programa galego de vacinación (Dirección Xeral de Saúde Pública, marzo de 2023) é falso que a vacinación en adultos sans:

- A) Pódese administrar a persoas que recibiron a vacina fronte á varicela, cun intervalo mínimo de 8 semanas despois da última dose.
- B) Contraindícase a súa administración conxunta ou posterior á de antivirais activos fronte ao virus da varicela-zóster.
- C) Non se recomenda durante o embarazo ou a lactación.
- D) Recoméndase atrasala entre 6 meses e un ano tras un episodio de herpes zóster.

13. Consolidouse o uso de solucións hidroalcohólicas como a opción máis adecuada para hixiene de mans. Dos seguintes enunciados, cal é certa?

- A) En todas as ocasións.
- B) Cando as mans están visiblemente sucias.
- C) Cando as mans están manchadas de sangue.
- D) En situacións epidémicas, non se deben empregar en illamentos de *Clostridioides difficile*.

14. En canto a brotes, é falso:

- A) Enténdense por brote un aumento significativo de casos en relación cos valores esperados.
- B) Enténdese por brote calquera proceso relevante de intoxicación aguda colectiva imputable a unha causa accidental, a manipulación ou a consumo.
- C) Os brotes nosocomiais son de declaración obrigatoria e urxente ao Servizo de Medicina Preventiva do hospital.
- D) Os brotes comunitarios son de declaración obrigatoria e urxente aos Servizos de Medicina Preventiva.

15. Nos estudos ecolóxicos, cal é certa?

- A) Trátase de verificar hipóteses intrinsecamente ecolóxicas, é dicir, aquelas que expoñen asociacións causais a nivel de grupos de persoas.
- B) Os estudos ecolóxicos analíticos só poden ser espaciais.
- C) Os estudos ecolóxicos analíticos só poden ser temporais.
- D) Os modelos de regresión só poden ser lineais.

16. Paciente con implante coclear. Cal das seguintes é a pauta de vacinación indicada?

- A) Vacina antigripal.
- B) Vacina anti-pneumocócica conxugada 20-valente.
- C) Vacina antigripal e vacina anti-pneumocócica conxugada 20-valente.
- D) Vacina antigripal, vacina anti-pneumocócica conxugada 20-valente e vacina anti-meningocócica conxugada tetravalente ACWY.

17. En canto ás actuacións sobre o hóspede susceptible, inclúense as seguintes, excepto:

- A) Vacinas.
- B) Inmunoglobulinas.
- C) Quimioprofilaxe.
- D) Esterilización e desinfección.

18. Nun contraste de hipótese estatística, a probabilidade de rexeitar a hipótese nula cando esta é falsa denomínase:

- A) Eficacia.
- B) Erro tipo I.
- C) Erro tipo II.
- D) Potencia.

19. Cal é unha medida de tendencia central?

- A) Media.
- B) Mediana.
- C) Moda.
- D) Todas as anteriores son certas.

20. En cal dos seguintes pacientes existe indicación financiada (por Sistema Público) de vacina anti-pneumocócica conxugada 20-valente cando existe antecedente de ter recibido as 2 doses de vacina anti-pneumocócica (pauta secuencial)?

- A) Paciente adulto con estenose aórtica severa.
- B) Paciente adulto con enfermidade pulmonar obstrutiva crónica con infeccións respiratorias de repetición.
- C) Paciente adulto con arteriopatía vascular periférica secundaria a diabete mellitus.
- D) Ningunha das anteriores.

21. A vacinación fronte a febre tifoide:

- A) Sempre está contraindicada en inmunodeprimidos.
- B) A vacina oral ofrece protección en nenos a partir de 6 anos.
- C) A vacina oral debe tomarse con alimentos, 3 cápsulas que se administran a intervalos de dous días.
- D) Entre os efectos adversos máis frecuentes atópanse: dor de estómago, dor de cabeza e diarrea.

22. Uns investigadores desexan deseñar un estudo para comparar dúas pautas de tratamento de hipertensión arterial utilizando como medida de eficacia a redución das cifras de tensión arterial diastólica. Cal dos seguintes NON é un elemento fundamental para calcular o número de suxeitos necesarios para o devandito estudo?:

- A) Duración do seguimento dos pacientes.
- B) Erro tipo I.
- C) Erro tipo II.
- D) Mínima diferenza que se desexa ser capaz de detectar.

23. Que grupo de risco NON se atopa incluído no Grupo 7 da Estratexia de vacinación COVID levada a cabo nos últimos anos en España?

- A) Embarazada.
- B) Pacientes en hemodiálise.
- C) Fibrose quística.
- D) Inmunodeficiencias primarias.

24. Nun ensaio clínico compáranse 3 tratamentos (placebo, tratamento estándar e un tratamento novo). A variable resposta é continua. Aceptando que a variable ten unha distribución normal, o test correcto para comparar a resposta é:

- A) A t de Student.
- B) O Test de Wilcoxon.
- C) O Test Chi-cuadrado (X^2).
- D) Análise da varianza (ANOVA).

25. Cal é máis correcta para a pregunta de si é o carácter prospectivo un trazo definitorio dos estudos de cohortes?

- A) Si, sempre.
- B) Non, nunca.
- C) O termo refírese á relación temporal entre a variable de resultado e a recollida de datos polo investigador.
- D) É retrospectivo, sempre.

26. Nas actividades de vixilancia epidemiolóxica dos Servizos de Medicina Preventiva de Galicia contéplase que determinados procesos relacionados con axentes transmisibles sexan considerados como alertas epidemiolóxicas. Entre eles está:

- A) Aperxilose invasiva.
- B) Acinetobacter multirresistente.
- C) Enterococo resistente a Vancomicina.
- D) Todos eles.

27. É falso que os derivados clorados:

- A) Actúan sobre as micobacterias (a alta concentración).
- B) Teñen actividade moderada sobre os virus.
- C) Non se utilizan para a antisepsia.
- D) O hipoclorito considérase tóxico persistente e téndese á súa substitución por outros produtos.

28. Cal dos seguintes sistemas de esterilización por gases inactiva os priones?

- A) Gas plasma por peróxido de hidróxeno.
- B) Vapor con formaldehído.
- C) Óxido de etileno.
- D) Ningún dos anteriores.

29. As disposicións do Sistema Galego de Vixilancia Epidemiolóxica, con respecto ás enfermidades de declaración obrigatoria, establece que no Hospital:

- A) Tódalas enfermidades de declaración obrigatoria deben ser declaradas polo Servizo de Medicina Preventiva.
- B) Nos centros de atención especializada, a Dirección de Enfermería é a responsable de centralizar a declaración dos médicos.
- C) Non é necesario declaralas xa que o sistema baséase en Atención Primaria.
- D) Están obrigados a declarar enfermidades de declaración obrigatoria os médicos en exercicio cando realizan diagnóstico de sospeita.

30. No caso de pacientes illados con precaucións de contacto, sinale a resposta correcta:

- A) A hixiene de mans do persoal sanitario é a medida fundamental na prevención da transmisión.
- B) A vaixela debe ser refugada polo alto risco de transmisión que supón.
- C) Poderá compartir habitación con outro paciente en illamento de contacto aínda que non sexa o mesmo microorganismo.
- D) A e B son correctas.

31. Home 56 anos, con inicio recente de hemodiálise. Vacinado fronte a hepatite B (pauta 0-1-6 meses) hai 10 anos, ao comezar a traballar como funcionario de prisións. Non realizada seroloxía post-vacinal naquel momento. Unha vez iniciada hemodiálise realizouse seroloxía fronte a hepatite B: HbsAg negativo / Ac. anti-Hbc total negativo / Ac. anti-Hbs 20 mUI/ml. Das seguintes, cal é a actuación máis correcta?

- A) Iniciar vacinación fronte a hepatite B con vacina adxuvada, co obxectivo de acadar títulos elevados de Ac. anti-Hbs. Seroloxía ao mes de última dose (Ac. anti-Hbs)
- B) Iniciar vacinación fronte a hepatite B con vacina non adxuvada, dado que con as 3 doses previas administradas espérase acadar títulos elevados de Ac. anti-Hbs. Seroloxía ao mes de última dose (Ac. anti-Hbs).
- C) Administrar unha única dose de vacina adxuvada fronte a hepatite B, con seroloxía ao mes da devandita dose (Ac. anti-Hbs). A resposta anamnésica permitirá acadar títulos elevados de Ac. anti-Hbs.
- D) Control serolóxico anual (Ac. anti-Hbs) mentres continúe en programa de hemodiálise.

32. Os índices de infección hospitalaria global:

- A) Non controlan factores de confusión intrínsecos (gravidade).
- B) Controlan factores de confusión extrínsecos (manipulacións).
- C) Controlan exclusivamente factores de confusión intrínsecos (gravidade).
- D) Controlan todos os factores de confusión posibles.

33. Os insecticidas organoclorados presentan:

- A) Estabilidade á descomposición ou degradación no medio ambiente, con elevada persistencia.
- B) Baixa solubilidade na graxa dos organismos vivos.
- C) Xeralmente moi alta solubilidade na auga.
- D) Alta toxicidade para os seres humanos.

34. Na correlación é certo que:

- A) É unha asociación entre un factor da poboación que se adoita observar nos estudos ecolóxicos.
- B) Trátase do instante no que se vai a medir a prevalencia dos fenómenos de interese.
- C) Os fenómenos instantáneos (incidentes) ou de moi curta duración poden ser medidos mediante un estudo de prevalencia.
- D) A enquisa non é o instrumento usual para realizar estudos de prevalencia.

35. Un dos principais inconvenientes dos estudos de casos e controis é:

- A) A miúdo requiren mostras de gran tamaño.
- B) Teñen maior susceptibilidade a incorrer en nesgos.
- C) Non son axeitados para estudar enfermidades raras.
- D) Non son axeitados para estudar enfermidades con período de latencia prolongado.

36. En canto á vacinación de pacientes VIH, é certo que:

- A) Ser portador de VIH é unha contraindicación para a vacinación.
- B) A resposta inmune das persoas infectadas polo VIH ás vacinas inactivadas non está relacionada co estadio da enfermidade.
- C) A resposta inmunolóxica mellora se o enfermo está recibindo tratamento antirretroviral altamente eficaz.
- D) Os pacientes con recuento de CD4 por debaixo de 500 considéranse suficientemente inmunocompetentes.

37. Na investigación dun brote epidémico hai unha serie de pasos que se deben seguir. Do seguintes, cal vai primeiro?

- A) Confirmar o diagnóstico.
- B) Orientar a recollida de datos en termo de tempo, lugar e persoa.
- C) Determinar a poboación en risco.
- D) Adoptar as medidas de control.

38. Respecto á definición de caso na investigación dun brote, NON é certo que:

- A) Pode incluír signos e síntomas clínicos.
- B) Pode incluír aspectos epidemiolóxicos.
- C) Pode incluír un intervalo de tempo específico, unha localización determinada e achados de laboratorio.
- D) Debe ser sensible e pouco específica para identificar o máximo número de posibles casos.

39. É obxectivo do Estudo de prevalencia das infeccións nosocomiais en España (EPINE):

- A) Estimar a mortalidade e custos directos atribuíbles ás infeccións.
- B) Describir procesos clave para a prevención e control das IRAS.
- C) Determinar a carga total (prevalencia) das IRAS en cada un dos hospitais participantes, así como no seu conxunto.
- D) Todas as respostas son correctas.

40. Cal é a correcta nas medidas de asociación en estudos de cohortes?

- A) Risco relativo (razón de risco).
- B) Risco atribuíble (diferencia de riscos).
- C) Índice de intervención: número de suxeitos nos que hai que impedir a exposición para evitar unha enfermidade.
- D) Todas as anteriores son certas.

41. No control da tuberculose no medio hospitalario, o primeiro nivel xerárquico constitúeno:

- A) As medidas estruturais.
- B) As medidas organizativas.
- C) Os equipos de protección individual (EPIs).
- D) As habitacións de illamento con presión positiva.

42. Con respecto á vacinación antimeningocócica é certo que:

- A) Non se esixe certificado de vacinación en ningún país do mundo.
- B) Só está indicada a viaxeiros a zonas rurais.
- C) Madagascar pertence ao "cinto africano" de meninxite.
- D) A vacinación meningocócica tetravalente está incluída no calendario de inmunización ao longo da vida da comunidade galega.

43. Nunha investigación de contactos dun enfermo tuberculoso:

- A) O caso inicial é o primeiro en coñecerse.
- B) O caso índice é o caso que desencadea as actividades para o seu estudo.
- C) O caso inicial non sempre é o responsable da transmisión da enfermidade,
- D) O caso fonte sempre é o índice.

44. O obxectivo dunha investigación é determinar a probabilidade de sufrir cirrose hepática en función da presenza ou non de 5 variables: sexo, idade, consumo de alcol, consumo de drogas e nivel de actividade física. A técnica estatística máis adecuada para avaliar o obxectivo proposto é:

- A) O cálculo da matriz de correlación entre os factores.
- B) O cálculo da regresión lineal.
- C) O cálculo da regresión loxística.
- D) A proba de chi-cadrado.

45. En canto ás medidas de prevención e control das enfermidades transmisibles, cal é a resposta correcta?

- A) A vixilancia epidemiolóxica.
- B) Actuacións sobre o reservorio ambiental.
- C) Actuacións sobre a vía de transmisión.
- D) Todas as anteriores son certas.

46. É falso que:

- A) A auga osixenada forma radicais OH⁻ que atacan as membranas lipídicas, compoñentes do citoplasma microbiano e acedos nucleicos.
- B) O ácido peracético ten un mecanismo de acción similar á auga osixenada.
- C) O ortoptalaldehído é un desinfectante inocuo empregado especialmente para desinfección de endoscopios uretrais.
- D) Os alcois eliminan as capas lipídicas que protexen aos microorganismos sobre a pel e con iso facilitan a acción doutros antisépticos.

47. O Proxecto Infección Cirúrxica Zero, definido polo Ministerio de Sanidade para a prevención de infección no sitio cirúrxico propón unha intervención estandarizada de medidas preventivas, concretamente son cinco medidas. Cal das seguintes non é unha delas?:

- A) Adecuación da profilaxe antibiótica.
- B) Eliminación correcta da lanuxe.
- C) Pincelado con clorhexidina alcohólica ao 0.2 %.
- D) Mantemento de normoglicemia.

48. Con respecto ás bundles (conxunto de intervencións de eficacia probada para a prevención e control da infección hospitalaria) e a infección do tracto urinario, cal é a correcta?

- A) Inserción aséptica da sonda.
- B) Bolsa colectora de urina por debaixo de nivel hidrostático.
- C) Revisión para comprobar se a urina está clara.
- D) Todas as anteriores son correctas.

49. Sinale o enunciado incorrecto en relación aos anticoagulantes empregados para desratiación:

- A) Os anticoagulantes de primeira xeración requiren a aplicación de doses reiteradas para conseguir o seu obxectivo.
- B) A brodifacouma, bromodialona e difenacuma son anticoagulantes de primeira xeración.
- C) Os roedores metabolizan e excretan lentamente os anticoagulantes de segunda xeración, o que prolonga a inhibición da síntese de protrombina.
- D) Coas superwarfarinas os roedores morren en dous ou tres días, despois de sentir cansazo, apatía xeral e movementos tambaleantes.

50. É INCORRECTO en relación ao paciente trasplantado de órgano sólido:

- A) A vacina da gripe administrada nos tres primeiros meses tras o transplante aumenta o risco de rexeitamento.
- B) O risco de cancro relacionado co virus do papiloma humano vese incrementado en mulleres trasplantadas.
- C) A inmunosupresión adoita ser menor despois dun transplante renal en comparación cun transplante cardíaco ou pulmonar.
- D) Existe risco de reactivación de hepatite B no receptor cos seguintes marcadores serolóxicos: HbsAg negativo e Anti-Hbc positivo.

51. Sinale a resposta CORRECTA en relación á vacina recomendada en paciente con transplante de proxenitores hematopoéticos (TPH):

- A) Vacina anti-pneumocócica a partir dos 6 meses do TPH, con 3 doses de vacina anti-pneumocócica conxugada 20-valente (6,7,8 meses), e unha dose de recordo aos 5 anos se o paciente continúa con tratamento inmunosupresor.
- B) Vacina fronte a papilomavirus en homes e mulleres de 45 anos ou menos, a partir dos 12 meses do TPH, con pauta de 3 doses.
- C) Vacina fronte a herpes zóster a partir dos 2 meses do TPH, con pauta de 2 doses.
- D) Vacina fronte a difteria, tétanos, tosferina, poliomielite, Haemophilus influenzae tipo b e hepatite B con vacina combinada hexavalente a partir dos 6 meses do TPH, con 4 doses (6-7-8-12 meses).

52. Cando nos resultados dun ensaio clínico se especifica que se realizou unha análise por intención de tratar, ¿qué poboación inclúe devandita análise?

- A) Todos os pacientes que non abandonaron o estudo por acontecementos adversos.
- B) Todos os pacientes que foron aleatorizados.
- C) Todos os pacientes que completaron o tratamento a estudo.
- D) Todos os pacientes que completaron o seguimento establecido.

53. Sinale a resposta correcta con respecto á vacina do dengue aprobada na comunidade galega:

- A) Está indicada para a prevención do dengue a partir dos 3 anos.
- B) A pauta de vacinación son dúas doses: 0–6 meses.
- C) Non pode administrarse de forma concomitante coa vacina de febre amarela.
- D) Non precisa test de infección previa por dengue.

54. Varón sán de 25 anos, que tras regresar dunha viaxe internacional ingresa no hospital por gastroenterite por giardia lamblia, que tipo de medidas de illamento aplicaranse?:

- A) Precaucións de transmisión por contacto.
- B) Precaucións de transmisión por pingas.
- C) Precaucións de transmisión aérea.
- D) Non precisa precaucións especiais.

55. Sinale a afirmación errónea en relación ás seguintes vacinas dispoñibles actualmente:

- A) A vacina antiencefalite xaponesa é unha vacina inactivada.
- B) A vacina antiencefalite centroeuropea é unha vacina inactivada.
- C) A vacina Anti–Haemophilus influenzae tipo b conxugada é unha vacina inactivada de células enteiras.
- D) A vacina antirrábica é unha vacina inactivada de virus enteiros.

56. É preciso declarar de forma urxente á Dirección Xeral de Saúde Pública a seguinte patoloxía:

- A) Un caso de difteria.
- B) Un brote de lexielose nosocomial.
- C) Unha sospeita de rubéola conxénita.
- D) Todas son enfermidades de declaración obligatoria urxente.

57. Con respecto á hixiene de mans:

- A) Debe ser adecuada e exhaustiva entre o contacto con pacientes.
- B) É imprescindible despois do contacto con sangue, fluídos corporais, secrecións, excrecións.
- C) É necesaria tras o contacto con equipos e artigos contaminados.
- D) Todas as respostas son certas.

58. É falso que os indicadores de infección hospitalaria:

- A) Pretenden ser un reflexo da calidade asistencial.
- B) Cuantifícanse mediante programas de vixilancia baseados exclusivamente en estudos de incidencia.
- C) En relación aos indicadores de infección de localización cirúrxica actualmente preconízase non vixiar todas as intervencións senón aquelas que teñan maior risco.
- D) Todas as respostas son certas.

59. No proxecto Flebite Zero é falso:

- A) É importante elixir ben o acceso vascular, preferentemente en membros superiores.
- B) Preparación da pel con clorhexidina.
- C) O primeiro obxectivo do proxecto é diminuír a un 5 % a taxa de flebite.
- D) Mantemento aséptico do catéter, débese vixiar a diario.

60. Unha vacina combinada é:

- A) Unha preparación de dúas ou máis inmunóxenos vacinais co fin de previr varias enfermidades.
- B) Unha preparación de dous ou máis inmunóxenos vacinais co fin de previr unha enfermidade que poida estar causada por diferentes serotipos ou serogrupos dun mesmo antíxeno.
- C) A administración de dúas ou máis vacinas no mesmo momento por vías diferentes e separadas fisicamente.
- D) A e B son correctas.

61. Con respecto ao Real Decreto 487/2022, de 21 de xuño, polo que se establecen os requisitos sanitarios para a prevención e control da lexielose, en relación ao sistema de augas sanitarias é falso que?

- A) Garantirán a total estanqueidade e a correcta circulación do auga, evitando o seu estancamento
- B) Facilitarán a accesibilidade aos equipos para a súa inspección, mantemento, reparación, limpeza, deinfección, toma de mostras e as medidas necesarias de protección.
- C) Os materiais utilizados non deben poder en contacto co auga de consumo humano.
- D) Disporán no auga de aporte de sistemas de filtración segundo o disposto no Código Técnico de Edificación.

62. Ademais da hixiene de mans, recoméndase o uso de luvas non estériles sempre que:

- A) Se realice unha atención ao paciente que supoña contacto con secrecións ou excrecións.
- B) Pel non intacta como canalización dunha vía.
- C) Toma de mostras biolóxicas.
- D) Todas as anteriores son correctas.

63. Sinala a resposta errónea en relación á prevalencia:

- A) Carece de dimensión porque é unha proporción. Para que cobre significado debe expresarse o tempo de observación.
- B) Resulta de gran utilidade nos estudos etiolóxicos.
- C) É útil para a planificación e xestión de recursos porque reflicte adecuadamente a magnitude dun determinado problema de saúde.
- D) Todas as respostas son correctas.

64. É certo que a vacina dTpa no embarazo:

- A) Indícase a partir da semana 37.
- B) Adminístrase en cada embarazo só se transcorreron máis de 2 anos entre ambos.
- C) Pódese administrar conxuntamente coa vacina antigripal.
- D) Non se administrará se a xestante xa se vacinou na infancia.

65. Cal dos seguintes NON é un nesgo de selección?

- A) Nesgo de admisión ou de Berkson.
- B) Nesgo de autoselección ou do voluntario.
- C) Falacia de Neyman.
- D) Todos son nesgos de selección.

66. Para realizar un cribado no seu primeiro momento ou fase, que característica interna do test adóitase priorizar?

- A) Que sexa moi sensible.
- B) Que sexa moi específico.
- C) Que sexa aplicable a moitas persoas.
- D) Que sexa barato.

67. Non é un criterio suxestivo de inmunidade fronte a varicela:

- A) Documentación de vacinación con 1 dose.
- B) Antecedentes de padecemento de varicela.
- C) Historia personal de herpes zóster.
- D) Confirmación serolóxica (IgG positiva para Virus varicela zóster).

68. Sinale as precaucións de illamento que se recomendan nun neno ingresado con epiglotite por haemophilus influenzae tipo b:

- A) Precaucións de transmisión por pingas mentres dure a enfermidade.
- B) Precaucións de transmisión por pingas ata transcorridas 24 h desde o inicio do tratamento antibiótico.
- C) Precaucións de transmisión por pingas ata 2 cultivos negativos separados por 24 horas.
- D) Precaucións de transmisión por contacto mentres dure a enfermidade.

69. En canto aos sistemas de abastecemento de augas é certo que inflúen sobre o mesmo:

- A) O aumento da escaseza de auga.
- B) O crecemento da poboación.
- C) Os cambios demográficos e a urbanización.
- D) Todos os anteriores son certos.

70. Os pacientes a tratamento con Eculizumab (Anticorpo monoclonal contra o factor C5 do sistema complemento) teñen un risco elevado de padecer unha das seguintes infeccións, mesmo aínda que se tivesen vacinado:

- A) Tuberculose extrapulmonar.
- B) Enfermidade meningocócica.
- C) Enfermidade pneumocócica invasiva.
- D) Enfermidade invasiva por Haemophilus influenzae tipo b.

71. Nun estudo de causas de cancro de pulmón, compárase o antecedente de tabaquismo en pacientes que desenvolven enfermidade e grupo que non, que tipo de estudo é?:

- A) Clínico aleatorio.
- B) Casos e controis.
- C) Cohortes.
- D) Ecolóxico.

72. Entre as vacinas recomendadas para o paciente VIH atópanse as seguintes, excepto:

- A) VNC 20.
- B) Tétano, difteria, tose ferina.
- C) Gripe anual.
- D) Febre tifoidea oral.

73. Sinale a resposta correcta respecto ao NNT (Número necesario a tratar):

- A) Obtense como o valor recíproco da suma das proporcións de resposta nos dous grupos de intervención.
- B) É o número total de pacientes necesarios para realizar un ensaio clínico con alta potencia estatística.
- C) Representa o número de pacientes que será necesario tratar para previr un resultado adverso.
- D) É unha medida da eficiencia do tratamento.

74. Debe ser sometido a un alto nivel de desinfección:

- A) O material crítico, de acordo coa clasificación de Spaulding.
- B) Os accesorios endoscópicos que rompen a barreira mucosa.
- C) O material semicrítico.
- D) Todo o material, previamente á súa limpeza, para previr riscos biolóxicos.

75. Segundo o documento "A vacunación en grupos de risco de todas as idades e en determinadas situacións" do Ministerio de Sanidade, cal dos seguintes NON se considera inmunosupresión de alto nivel?

- A) Inmunodeficiencias primarias.
- B) Recepción de metotrexato a dose menor ou igual de 0.4mg/kg/semana, azatioprina a dose menor ou igual de 3mg/kg/día ou 6-mercaptopurina a dose menor ou igual de 1.5mg/kg/día.
- C) Durante os 2 primeiros meses posteriores ao transplante de órgano sólido.
- D) Quimioterapia oncolóxica.

76. En pacientes adultos con asplenia anatómica ou funcional está indicado administrar:

- A) Vacina anti-pneumocócica conxugada 20-valente: 1 dose. Dose de recordo aos 5 anos.
- B) Vacina fronte a Haemophilus influenzae tipo b: 2 doses cun intervalo mínimo de 8 semanas, independentemente da vacunación anterior.
- C) Vacina anti-meningocócica conxugada tetravalente (MenACWY): 2 doses cun intervalo mínimo de 8 semanas. Dose de recordo aos 5 anos.
- D) Vacina anti-meningocócica B (MenB): 1 dose. Valorar dose de recordo aos 5 anos.

77. Nos estudos de cohortes, cal é a máis acertada?

- A) É un estudo epidemiolóxico observacional.
- B) Selecciónase a suxeitos libres de enfermidade ou fenómeno de saúde que se investiga e mídese a exposición aos seus potenciais determinantes.
- C) Ségueselles ao longo do tempo e comparase a frecuencia coa que aparecen (incidencia) o fenómeno de saúde en estudo entre os expostos e non expostos a cada un dos potenciais determinantes.
- D) Todas as anteriores son correctas.

78. No índice NHSN (National Healthcare Safety Network), para estratificación do risco de infección de localización cirúrxica, NON se inclúe o seguinte parámetro:

- A) Risco ASA (Clasificación de risco anestésico).
- B) Grao de contaminación da cirurxía.
- C) Uso de profilaxe antibiótica.
- D) Duración da intervención.

79. Un estudo de casos e controis:

- A) Non permite calcular incidencias reais.
- B) Parte do efecto (enfermidade).
- C) Necesita asignación aleatoria do factor de estudo.
- D) A e B son correctas.

80. Cal das seguintes NON é indicación de vacinación do adulto fronte a herpes zóster, segundo instrución de Saúde Pública de Galicia (financiada polo Sistema Público)?

- A) Paciente de 50 anos ou máis, con artrite reumatoide a tratamento con Adalimumab (fármaco Anti-TNF).
- B) Paciente de 18 anos ou máis, oncolóxico a tratamento con quimioterapia.
- C) Paciente de 18 anos ou máis, con dermatite atópica a tratamento con baricitinib (fármaco anti-JAK).
- D) Poboación entre 65–80 anos de idade.

81. Dispoñemos de dous test para diagnosticar unha enfermidade de prognóstico grave. A proba A ten unha sensibilidade do 95% e unha especificidade do 60%, e a proba B ten unha sensibilidade do 70% e unha especificidade do 99%. Dispoñemos dun tratamento eficaz pero que produce efectos adversos importantes e ademais ten un custo moi elevado. Que probas elixiríamos para facer o diagnóstico?

- A) A proba A porque detecta menos falsos positivos.
- B) A proba B porque detectará máis falsos positivos.
- C) A proba A porque detectará máis falsos negativos.
- D) A proba B porque ten unha maior especificidade.

82. Que procedemento cirúrxico NON está incluído na fase inicial do Sistema de Vixilancia das Infeccións Relacionadas coa Atención Sanitaria da Rede Nacional de Vixilancia Epidemiolóxica (RENAVE)?

- A) Cirurxía de colon.
- B) Prótese de cadeira.
- C) Prótese de xeonllo.
- D) Cesárea.

83. Cal é a norma que establece os requisitos dos sistemas de vixilancia, prevención e control das infeccións relacionadas coa atención sanitaria nos hospitais?

- A) UNE-EN-ISO-9001:2015.
- B) UNE 179006:2013.
- C) UNE 100713:2005.
- D) UNE 171340:2020.

84. Cal é a actuación correcta a seguir nun paciente que sofre un traumatismo accidental e presenta unha ferida tetanixena contaminada?

- A) Se recibiu menos de 3 doses de vacina antitetánica deberá recibir unha dose de vacina pero non inmunoglobulina.
- B) Se recibiu entre 3 ou 4 doses previas de vacina antitetánica deberá recibir soamente inmunoglobulina se a ferida está moi contaminada, independentemente do tempo transcorrido desde a última dose de vacina.
- C) Se recibiu 5 ou máis doses de vacina antitetánica, recibirá unha dose de vacina se hai máis de 10 anos desde última e se a ferida está moi contaminada, e en feridas de alto risco tamén recibirá unha dose de inmunoglobulina.
- D) En calquera caso, en feridas tetanixenas sempre deberá recibir unha dose de vacina e inmunoglobulina independentemente do estado vacinal previo.

85. A inmunidade que segue á vacinación ten os seguintes compoñentes:

- A) Anticorpos e células T efectoras fronte ao patóxeno que permanecen en elevadas concentracións durante un curto período de tempo despois da vacinación.
- B) Elevación de linfocitos T.
- C) Produción de linfocitos B.
- D) As respostas A, B e C son correctas

86. Paciente de 25 anos que viaxa a Corea do Sur durante 6 meses a realizar máster de enxenería agrónoma sobre o manexo do cultivo de arrozais. Na consulta, entre outras vacinas, recoméndase encefalite xaponesa. É certo que:

- A) Non está recomendada, só se indica en estancias igual ou maiores de 9 meses.
- B) A primovacinação consiste en dúas doses: 0–28 días que deben administrarse polo menos 10 días antes da posible exposición.
- C) Pode vacinarse con calendario rápido da seguinte forma: 0–7 días.
- D) Está contraindicada en situación de inmunosupresión.

87. Sinale a resposta CORRECTA en relación aos factores de confusión nun estudo observacional:

- A) Asíciase a unha posible causa e constitúen un factor de risco para o efecto estudado.
- B) Corríxense aumentando o tamaño da mostra.
- C) Son un dos tipos especiais de erro aleatorio.
- D) Só se poden controlar recorrendo a técnicas estatísticas.

88. Para a vacinación de herpes zóster en paciente VIH é certo que:

- A) É necesario preguntar polos antecedentes de varicela.
- B) Non é necesario preguntar polos antecedentes de varicela.
- C) Non está recomendada.
- D) Non está financiada en Galicia.

89. Un desinfectante de medio nivel:

- A) Utilízanse para materiais que se aplicarán sobre pel íntegra.
- B) Emprégase para desinfectar materiais que estivesen manchados con sangue visible.
- C) Deben inactivar bacterias, fungos e virus, pero non teñen que destruír todas as micobacterias e todos os virus sen envolta lipídica.
- D) Todas son correctas.

90. O adxuvante ideal debería proporcionar beneficios adicionais como son:

- A) Permitir a redución da cantidade de antixeno vacinal incluído nas vacinas ou do número de doses de vacina a administrar.
- B) Superar a posible competición antixénica nas vacinas combinadas.
- C) Incrementar a amplitude da resposta inmune proporcionando protección fronte a cepas heterovariantes.
- D) A, B e C son correctas.

91. En relación cos ensaios de campo, sinala o enunciado INCORRECTO:

- A) Son estudos epidemiolóxicos experimentais.
- B) O seu obxectivo é a avaliación dunha medida preventiva.
- C) Son menos custosos e requiren menor número de individuos que os ensaios clínicos.
- D) Realízanse sobre individuos sans.

92. Que afirmación é CERTA en relación á proba de Bowie–Dick?

- A) Serve para avaliar o funcionamento da etapa de extracción de aire do esterilizador.
- B) Realízase diariamente no primeiro ciclo operativo do día.
- C) Se a proba indica un resultado incorrecto (positivo) débese interromper a operación do equipo e solicitar asistencia a mantemento.
- D) Todas son correctas.

93. Os estudos transversais analíticos:

- A) Empréganse para investigar a asociación entre unha enfermidade e unha exposición.
- B) Miden a frecuencia de exposición e de enfermidade simultaneamente nun momento determinado ou durante un período curto de tempo.
- C) A súa utilidade para establecer asociacións dependerá da medida en que a exposición actual reflicta a exposición etiolóxicamente importante.
- D) Todas as respostas son correctas.

94. Sinala a afirmación correcta:

- A) As vacinas atenuadas son máis estables que as inactivadas.
- B) As vacinas atenuadas inducen anticorpos e respostas de células T citotóxicas.
- C) As vacinas atenuadas con frecuencia requiren adxuvantes.
- D) As vacinas atenuadas adoitan ser menos reactóxicas que as inactivadas.

95. En cando aos elos da cadea epidemiolóxica das enfermidades transmisibles, cal non é certa?

- A) Fonte infectiva.
- B) Hóspede susceptible.
- C) Mecanismos de transmisión.
- D) Non se inclúe o medio ambiente.

96. O médico debe realizar a declaración urxente dunha enfermidade:

- A) Unicamente se se confirma microbiolóxicamente a enfermidade incluída na listaxe de enfermidades de declaración obrigatoria.
- B) Ante a sospeita dunha enfermidade incluída na listaxe.
- C) Só teñen que declarar os facultativos responsables do tratamento da devandita enfermidade.
- D) A declaración urxente realízase a través da Dirección Médica.

97. Adulto sen factores de risco, que cumpre 80 anos no mes de outubro do 2023, e foi vacinado previamente cunha dose VCN 13 debería recibir as seguintes vacinas:

- A) Só ten indicadas as vacinas de Herpes zoster, Covid (se non ten antecedente de vacinación nin infección nos 3 meses previos), gripe en Campaña e VNC20 se transcorreran 6 meses ou máis desde a VNC13.
- B) Recibirá as vacinas fronte a Herpes Zoster, gripe e Covid (se non ten antecedente de vacinación nin infección nos 3 meses previos) en Campaña, pero non a VNC20.
- C) Unicamente gripe e Covid en Campaña, pero non a de Hepes Zoster nin a VNC20.
- D) Só deberá recibir gripe e Herpes Zoster.

98. A UCI dun hospital mostra os seguintes indicadores de infección: incidencia de bacteriemias en pacientes con catéter venos central 5/1000 días/catéter, pneumonía asociada a ventilación (NAV) 15/1000 días/ventilación. Isto fainos pensar, por comparación cos valores estándar:

- A) As cifras de bacteriemia son elevadas.
- B) As cifras de NAV son elevadas.
- C) Ambas son elevadas.
- D) Ambas son baixas.

99. En canto ás epidemias é certo que:

- A) Pódense caracterizar mediante o número de reprodución (R) ou número de casos secundarios producidos por cada caso nun determinado estadio da epidemia.
- B) O R é mínimo ao inicio dunha epidemia.
- C) O R aumenta a medida que a epidemia evoluciona.
- D) O R aumenta cando se xera inmunidade.

100. Sinale a resposta correcta en relación ao iodo como antiséptico:

- A) É irritante e alerxénico.
- B) A concentración adecuada é moi activa fronte á maioría dos microorganismos.
- C) Retrasa a cicatrización das feridas.
- D) Todas son correctas.

1. Un matrimonio de inmigrantes viaxará a unha zona rural de Sudáfrica para unha visita familiar ao mes seguinte. Teñen un neno de 24 meses, cun calendario de vacinación infantil correcto para a súa idade, que vacina haberá que recomendar ao neno?:

- A) Febre tifoide.
- B) Hepatite A.
- C) Meningo tetravalente.
- D) A e B son correctas.

2. En canto á prevención de infección de ferida cirúrxica, cal das seguintes é falsa?:

- A) A preparación da pel en quirófano débese realizar usando clorhexidina alcohólica ao menos que estea contraindicada.
- B) A profilaxe antibiótica debe administrarse garantindo unha concentración bactericida dos axentes en soro e nos tecidos no momento de realizar a incisión.
- C) Nas cesáreas, a profilaxe antibiótica debe administrarse xusto despois da incisión da pel.
- D) Non eliminar a lanuxe se non é necesario.

3. Para estudar a posible asociación entre a rubéola materna e as cataratas conxénitas, selecciónase unha mostra de 20 nenos con esta enfermidade e 25 nenos con antecedentes e idade semellantes que non a presentan. Unha entrevista á nai de cada neno determina se tivo ou non a rubéola durante o embarazo. Que test estatístico é o máis adecuado para realizar este estudo?

- A) T-student de datos independentes.
- B) T- student de datos apareados.
- C) Chi-cadrado.
- D) Análise de correlación.

4. Cal é o mecanismo de transmisión da difteria farínxea?:

- A) A través do aire.
- B) Por contacto.
- C) Por pingas.
- D) Por medio de vectores.

5. En relación á pauta de vacinación fronte ao VPH é falso que:

- A) En maiores de 14 anos a pauta de vacinación son 3 doses administradas aos 0,2 e 6 meses.
- B) Está financiada para todas as mulleres nadas a partir de 1 de xaneiro de 1990.
- C) Na nosa comunidade autónoma está indicada en homes que teñen relacións sexuais con homes ata os 45 anos.
- D) Na nosa comunidade autónoma está indicada para persoas en situación de prostitución ata os 45 anos.

6. Sinale a resposta INCORRECTA en relación ao uso de gas plasma de peróxido de hidróxeno para a esterilización de materiais sanitarios:

- A) Ao final do ciclo existe ausencia total de residuos tóxicos.
- B) Inactívase con material altamente absorbente como a celulosa.
- C) É útil para material termosensible.
- D) O material de empacado e envasado a utilizar é o tecido sen tecer 100% fibra.

7. O indicador que permite controlar mellor en certo xeito os factores de risco de infección intrínsecos e extrínsecos, e aconséllase para comparacións entre hospitais é:

- A) Taxa de infección hospitalaria por "dispositivo Y": (número de infeccións hospitalarias asociadas a "dispositivo Y"/pacientes/día con "dispositivo Y") \times 1.000.
- B) Densidade de incidencia de infección hospitalaria por infección X: (número de infeccións hospitalarias do tipo X/pacientes/día durante o estudo) \times 1.000.
- C) Razón de infección hospitalaria: (número de infeccións hospitalarias/pacientes dados de alta nun tempo concreto) \times 100.
- D) Utilización do "dispositivo Y": (pacientes/día con "dispositivo Y"/pacientes/día totais durante o estudo) \times 100.

8. Segundo o documento sobre a vacinación en grupos de risco de Galicia, cal dos seguintes NON é indicación de vacinación fronte a Hepatite B?

- A) Diabete mellitus.
- B) Enfermidade hepática crónica, alcolismo crónico e cirrose.
- C) Enfermidade renal crónica e síndrome nefrótica.
- D) Hemofilia e outros trastornos hemorráxicos crónicos.

9. Para o control da eficacia do proceso de esterilización utilízanse indicadores químicos que permiten detectar fallos no paquete, carga ou función do esterilizador. Sinale a resposta INCORRECTA en relación con estes indicadores químicos:

- A) Proporcionan unha lectura inmediata tras o ciclo de esterilización.
- B) En base aos parámetros que mide agrúpanse en diferentes clases, especificadas nas Normas europeas e nas internacionais ISO.
- C) Os controis químicos externos sitúanse nas áreas do esterilizador menos accesibles á difusión do axente esterilizante.
- D) Os controis químicos internos deben utilizarse en cada paquete que se vai a esterilizar.

10. En relación ás Recomendacións de vacinación fronte ao pneumococo en persoas de 18 e máis anos, da Dirección Xeral de Saúde Pública, de xuño do 2023, é certo qué, en pacientes sáns:

- A) Os nados antes do 1 de xaneiro de 1952 que recibisen unha dose de VNC13 deben recibir unha dose de VNC20.
- B) Os nados antes do 1 de xaneiro de 1952 que recibisen unha dose de VNP23 deben recibir VNC20.
- C) Os nados antes do 1 de xaneiro de 1952 que non teñan antecedente de vacinación fronte a pneumococo deben recibir unha dose de VNC20.
- D) Os nados antes do 1 de xaneiro de 1952 que recibisen unha dose de VNC13 seguida dunha dose de VNP23 deben recibir unha dose de VNC20.